| As prestacións da Seguridade Social. - Exposición e análise das principais prestacións contributivas da Seguridade Social. | • Explicación dos requisitos, duración e contía das principais prestacións contributivas da Seguridade Social.<br>• Presentación de supostos prácticos sobre as diferentes prestacións contributivas.<br>• Comentario dos supostos prácticos resoltos. | • Procura na páxina Web da Seguridade Social de información sobre as principais prestacións da Seguridade Social.<br>• Resolución de supostos prácticos sobre as diferentes prestacións contributivas.<br>• Realización dunha proba escrita sobre os contidos da unidade. | • Supostos prácticos resoltos e posta en común.<br>• Proba escrita resolta. | • Aula polivalente con equipos informáticos para o profesor e o alumnado, proxector e pantalla.<br>• Apuntamentos e presentación power point da unidade subidos na aula virtual.<br>• Páxina Web da Seguridade Social.<br>• Supostos prácticos plantexados.<br>• Copia da proba escrita proporcionada ao alumnado. | • PE.3 - Actividade 2: Proba escrita da unidade con preguntas tipo test e resolución de supostos prácticos.<br>• PE.4 - Actividade 2: Proba escrita da unidade con preguntas tipo test e resolución de supostos prácticos. | 5,0 |
| O desemprego. - Exposición e análise da situación de desemprego, as causas que dan lugar a ela, requisitos dos beneficiarios e o procedemento de cálculo a través dun suposto básico de prestación contributiva. | • Explicación da situación legal de desemprego e dos requisitos, contía e duración da prestación económica por desemprego.<br>• Presentación ao alumnado dun suposto de desemprego resolto, explicando o procedemento de cálculo da prestación. | • Localización na Web do SEPE de información sobre os principais subsidios de desemprego e as súas principais características.<br>• Realización do suposto práctico de cálculo de prestación por desemprego. | • Suposto práctico de cálculo de prestación por desemprego realizado. | • Aula polivalente con equipos informáticos para o profesor e o alumnado, proxector e pantalla.<br>• Apuntamentos e presentación power point da unidade subidos na aula virtual.<br>• Páxina Web do SEPE. | • LC.1 - Actividade 3: Actividade de aula: Suposto práctico de cálculo de prestación por desemprego. | 3,0 |

| Que e para que | Como | | | Con que | Como e con que se valora | Duración (sesións) |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Actividade (título e descrición) | Profesorado (en termos de tarefas) | Alumnado (tarefas) | Resultados ou produtos | Recursos | Instrumentos e procedementos de avaliación | |
| | • Presentación dun suposto práctico de cálculo de desemprego e explicación das pautas para a súa realización e avaliación. | | | • Suposto práctico de cálculo de prestación por desemprego. | | |
| | | | | | TOTAL | 10,0 |

### 4.11.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 11 | O proceso de procura de emprego. | 10 |

### 4.11.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo | Completo |
|---|---|
| RA4 - Planifica o seu itinerario profesional seleccionando alternativas de formación e oportunidades de emprego ao longo da vida. | SI |

### 4.11.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

| Obxectivos específicos | Act | Título das actividades | Duración (sesións) |
|---|---|---|---|
| 1.1 Valorar as propias aspiracións, motivacións, actitudes e capacidades como base da toma de decisións profesionais.<br>1.2 Deseñar os itinerarios formativos profesionais relacionados co seu perfil profesional seleccionando a formación precisa para a inserción no mercado laboral. | 1 | Autoanálise persoal e profesional. | 4,0 |
| 2.1 Identificar as principais fontes de emprego e de inserción laboral.<br>2.2 Empregar adecuadamente as técnicas e os instrumentos de procura de emprego. | 2 | A procura de emprego. | 6,0 |
| | | TOTAL | 10 |

### 4.11.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación | Instrumentos de avaliación | Mínimos exixibles | Peso cualificación (%) |
|---|---|---|---|
| CA4.1 Valoráronse as propias aspiracións, motivacións, actitudes e capacidades que permitan a toma de decisións profesionais. | • LC.1 - Actividade 1: Actividade de aula: Traballo de autoanálise persoal e profesional. | N | 5 |
| CA4.2 Tomouse conciencia da importancia da formación permanente como factor clave para a empregabilidade e a adaptación ás esixencias do proceso produtivo. | • LC.2 - Actividade 1: Actividade de aula: Traballo de autoanálise persoal e profesional. | N | 5 |
| CA4.3 Valoráronse as oportunidades de formación e emprego noutros estados da Unión Europea. | • LC.3 - Actividade 1: Actividade de aula: Traballo de autoanálise persoal e profesional. | N | 5 |
| CA4.4 Valorouse o principio de non-discriminación e de igualdade de oportunidades no acceso ao emprego e nas condicións de traballo. | • LC.4 - Actividade 1: Actividade de aula: Traballo de autoanálise persoal e profesional. | N | 5 |
| CA4.5 Deseñáronse os itinerarios formativos profesionais relacionados co perfil profesional de técnico superior en dirección de servizos en restauración. | • LC.5 - Actividade 1: Actividade de aula: Traballo de autoanálise persoal e profesional. | N | 5 |
| CA4.6 Determináronse as competencias e as capacidades requiridas para a actividade profesional relacionada co perfil do título, e seleccionouse a formación precisa para as mellorar e permitir unha axeitada inserción laboral. | • LC.6 - Actividade 2: Actividade de aula: Traballo sobre a procura de emprego. | S | 10 |
| CA4.7 Identificáronse as principais fontes de emprego e de inserción laboral para as persoas coa titulación de técnico superior en dirección de servizos en restauración | • LC.7 - Actividade 2: Actividade de aula: Traballo sobre a procura de emprego. | S | 15 |
| CA4.8 Empregáronse adecuadamente as técnicas e os instrumentos de procura de emprego. | • LC.8 - Actividade 2: Actividade de aula: Traballo sobre a procura de emprego. | S | 45 |
| CA4.9 Previronse as alternativas de autoemprego nos sectores profesionais relacionados co título. | • LC.9 - Actividade 2: Actividade de aula: Traballo sobre a procura de emprego. | N | 5 |
| | | **TOTAL** | **100** |

### 4.11.e) Contidos

| Contidos |
|---|
| Coñecemento dos propios intereses e das propias capacidades formativo-profesionais. |
| Importancia da formación permanente para a traxectoria laboral e profesional das persoas coa titulación de técnico superior en dirección de servizos en restauración. |
| Oportunidades de aprendizaxe e emprego en Europa. |
| Itinerarios formativos relacionados coa titulación de técnico superior en dirección de servizos en restauración. |
| Definición e análise do sector profesional do título de técnico superior en dirección de servizos en restauración. |
| Proceso de toma de decisións. |

| Contidos |
|---|
| Proceso de procura de emprego no sector de actividade. |
| Técnicas e instrumentos de procura de emprego. |

### 4.11.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

| Que e para que | Como | | | Con que | Como e con que se valora | Duración (sesións) |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Actividade (título e descrición) | Profesorado (en termos de tarefas) | Alumnado (tarefas) | Resultados ou produtos | Recursos | Instrumentos e procedementos de avaliación | |
| Autoanálise persoal e profesional. - Autoanálise persoal e profesional e deseño de itinerarios formativos profesionais. | • Explicación dos conceptos relacionados co autoanálise persoal e profesional: hard skills e soft skills (habilidades duras e brandas), e o itinerario profesional.<br>• Proporcionar a cada alumno/a unhas táboas para a autovaloración das aspiracións, motivacións, actitudes e capacidades, explicación das pautas para a súa realización e avaliación. | • Realización, empregando ferramentas de autoanálise, dunha valoración das súas aspiracións, motivacións, actitudes e capacidades, resumindo posteriormente os resultados nun análise DAFO, para ter unha imaxe global das debilidades e fortalezas, así como das ameazas e oportunidades procedentes da contorna.<br>• Procura de información sobre as competencias esixidas ao seu perfil profesional no mercado laboral, e deseñar os posibles itinerarios de formación para mellorar a súa empregabilidade. | • Táboas de autoanálise.<br>• Análise DAFO.<br>• Mapa do itinerario formativo. | • Aula polivalente con equipos informáticos para o profesor e o alumnado, proxector e pantalla.<br>• Apuntamentos e presentación power point da unidade subidos na aula virtual.<br>• Ferramentas de autoanálise.<br>• Recursos web. | • LC.1 - Actividade 1: Actividade de aula: Traballo de autoanálise persoal e profesional.<br>• LC.2 - Actividade 1: Actividade de aula: Traballo de autoanálise persoal e profesional.<br>• LC.3 - Actividade 1: Actividade de aula: Traballo de autoanálise persoal e profesional.<br>• LC.4 - Actividade 1: Actividade de aula: Traballo de autoanálise persoal e profesional.<br>• LC.5 - Actividade 1: Actividade de aula: Traballo de autoanálise persoal e profesional. | 4,0 |
| A procura de emprego. - Análise do proceso de procura de emprego no sector, e emprego adecuado das técnicas e instrumentos de procura de emprego. | • Explicación das posibles fontes de información sobre ofertas de emprego e das técnicas e instrumentos de procura de emprego.<br>• Presentación dun traballo sobre a procura de emprego, explicación das pautas para a súa realización e avaliación. | • Consulta de portais de emprego e análise das ofertas de emprego existentes en relación co seu perfil.<br>• Elaboración do seu curriculum vitae.<br>• Visualización de vídeos sobre entrevistas de traballo. | • Observación dos vídeos proxectados e análise dos mesmos.<br>• Traballo sobre a procura de emprego realizado. | • Aula polivalente con equipos informáticos para o profesor e o alumnado, proxector e pantalla.<br>• Apuntamentos e presentación power point da unidade subidos na aula virtual.<br>• Recursos web (portais de emprego, redes sociais...).<br>• Modelos de curriculum vitae. | • LC.6 - Actividade 2: Actividade de aula: Traballo sobre a procura de emprego.<br>• LC.7 - Actividade 2: Actividade de aula: Traballo sobre a procura de emprego.<br>• LC.8 - Actividade 2: Actividade de aula: Traballo sobre a procura de emprego.<br>• LC.9 - Actividade 2: Actividade de aula: Traballo sobre a procura de emprego. | 6,0 |

| Que e para que | Como | | | Con que | Como e con que se valora | Duración (sesións) |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Actividade (título e descrición) | Profesorado (en termos de tarefas) | Alumnado (tarefas) | Resultados ou produtos | Recursos | Instrumentos e procedementos de avaliación | |
| | | • Realización dun traballo sobre a procura de emprego. | | • Vídeos de entrevistas de traballo. | | |
| | | | | | TOTAL | 10,0 |

### 4.12.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 12 | Equipos de traballo e resolución de conflitos. | 9 |

### 4.12.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo | Completo |
|---|---|
| RA1 - Participa responsablemente en equipos de traballo eficientes que contribúan á consecución dos obxectivos da organización. | SI |

### 4.12.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

| Obxectivos específicos | Act | Título das actividades | Duración (sesións) |
|---|---|---|---|
| 1.1 Valorar as vantaxes e os inconvenientes do traballo en equipo para a eficacia da organización. | 1 | Equipos de traballo. | 4,0 |
| 2.1 Recoñecer as causas máis habituais dos conflitos e determinar os procedementos de resolución. | 2 | Resolución de conflitos. | 5,0 |
| | | TOTAL | 9 |

### 4.12.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación | Instrumentos de avaliación | Mínimos exixibles | Peso cualificación (%) |
|---|---|---|---|
| CA1.1 Identificáronse os equipos de traballo en situacións de traballo relacionadas co perfil de técnico superior en dirección de servizos en restauración e valoráronse as súas vantaxes sobre o traballo individual. | • LC.1 - Actividade 1: Actividade de aula: Suposto práctico sobre equipos de traballo. | S | 15 |
| CA1.2 Determináronse as características do equipo de traballo eficaz fronte ás dos equipos ineficaces. | • LC.2 - Actividade 1: Actividade de aula: Suposto práctico sobre equipos de traballo. | S | 15 |
| CA1.3 Adoptáronse responsablemente os papeis asignados para a eficiencia e a eficacia do equipo de traballo. | • LC.3 - Actividade 1: Actividade de aula: Suposto práctico sobre equipos de traballo. | N | 10 |
| CA1.4 Empregáronse axeitadamente as técnicas de comunicación no equipo de traballo para recibir e transmitir instrucións e coordinar as tarefas. | • LC.4 - Actividade 1: Actividade de aula: Suposto práctico sobre equipos de traballo. | N | 10 |
| CA1.5 Determináronse procedementos para a resolución dos conflitos identificados no seo do equipo de traballo. | • LC.5 - Actividade 2: Actividade de aula: Suposto práctico de xestión de conflitos. | S | 30 |
| CA1.6 Aceptáronse de forma responsable as decisións adoptadas no seo do equipo de traballo. | • LC.6 - Actividade 2: Actividade de aula: Suposto práctico de xestión de conflitos. | N | 10 |
| CA1.7 Analizáronse os obxectivos alcanzados polo equipo de traballo en relación cos obxectivos establecidos, e coa participación responsable e activa dos seus membros. | • LC.7 - Actividade 2: Actividade de aula: Suposto práctico de xestión de conflitos. | N | 10 |
| | | **TOTAL** | **100** |

### 4.12.e) Contidos

| Contidos |
|---|
| Diferenciación entre grupo e equipo de traballo. |
| Valoración das vantaxes e os inconvenientes do traballo de equipo para a eficacia da organización. |
| Equipos no sector de hostalaría e, en concreto, no subsector de restauración segundo as funcións que desempeñen. |
| Dinámicas de grupo. |
| Equipos de traballo eficaces e eficientes. |
| Participación no equipo de traballo: desempeño de papeis, comunicación e responsabilidade. |
| Conflito: características, tipos, causas e etapas. |
| Técnicas para a resolución ou a superación do conflito. |

### 4.12.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

| Que e para que | Como | | | Con que | Como e con que se valora | Duración (sesións) |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Actividade (título e descrición) | Profesorado (en termos de tarefas) | Alumnado (tarefas) | Resultados ou produtos | Recursos | Instrumentos e procedementos de avaliación | |
| Equipos de traballo. - Exposición e análise dos aspectos relacionados co equipo de traballo: concepto, tipos, vantaxes e inconvenientes, roles, dinámicas de grupo e comunicación no equipo. | • Explicación dos contidos relativos ao equipo de traballo: concepto, clasificación, vantaxes e inconvenientes do traballo en equipo, roles, dinámicas de grupo e comunicación.<br>• Proposición e dirección das distintas técnicas de traballo en equipo.<br>• Comentario dos supostos prácticos resoltos. | • Participación, no equipo asignado, na dinámica correspondente, utilizando as técnicas propostas.<br>• Resolución de actividades e supostos prácticos. | • Práctica de diferentes dinámicas de grupos.<br>• Supostos prácticos resoltos e posta en común. | • Aula polivalente con equipos informáticos para o profesor e o alumnado, proxector e pantalla.<br>• Apuntamentos e presentación power point da unidade subidos na aula virtual.<br>• Dinámicas de grupo.<br>• Supostos prácticos plantexados. | • LC.1 - Actividade 1: Actividade de aula: Suposto práctico sobre equipos de traballo.<br>• LC.2 - Actividade 1: Actividade de aula: Suposto práctico sobre equipos de traballo.<br>• LC.3 - Actividade 1: Actividade de aula: Suposto práctico sobre equipos de traballo.<br>• LC.4 - Actividade 1: Actividade de aula: Suposto práctico sobre equipos de traballo. | 4,0 |
| Resolución de conflitos. - Exposición e análise das características, tipos, causas, etapas e técnicas de resolución dos conflitos. | • Exposición das causas, tipos e técnicas de resolución de conflitos no ámbito laboral.<br>• Comentario dos supostos prácticos resoltos. | • Visualización de vídeos relacionados coa temática da unidade.<br>• Resolución de supostos prácticos, aplicando técnicas apropiadas para cada situación. | • Supostos prácticos resoltos e posta en común.<br>• Conclusións sobre os vídeos visualizados. | • Aula polivalente con equipos informáticos para o profesor e o alumnado, proxector e pantalla.<br>• Apuntamentos e presentación power point da unidade subidos na aula virtual.<br>• Vídeos relacionados coa temática da unidade.<br>• Supostos prácticos plantexados. | • LC.5 - Actividade 2: Actividade de aula: Suposto práctico de xestión de conflitos.<br>• LC.6 - Actividade 2: Actividade de aula: Suposto práctico de xestión de conflitos.<br>• LC.7 - Actividade 2: Actividade de aula: Suposto práctico de xestión de conflitos. | 5,0 |
| | | | | | **TOTAL** | **9,0** |

### 5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

A) MÍNIMOS EXIXIBLES:

No módulo de Formación e orientación laboral os mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva (homoxeneizados polo departamento) son os que se relacionan a continuación:

- Unidad Formativa 1. Prevención de riscos laborais:

- CA1.1 - Relacionáronse as condicións laborais coa saúde da persoa traballadora.
- CA1.6 - Analizáronse os dereitos á vixilancia e protección da saúde no sector profesional do título.
- CA1.7 - Asumiuse a necesidade de cumprir as obrigas das persoas traballadoras en materia de prevención de riscos laboráis.
- CA2.1 - Determináronse as condicións de traballo con significación para a prevención nos contornos de traballo relacionados co perfil profesional do título.
- CA2.2 - Clasificáronse os factores de risco na actividade e os danos derivados deles.
- CA2.3 - Clasificáronse e describíronse os tipos de danos profesionais, con especial referencia a accidentes de traballo e doenzas profesionais, relacionados co perfil profesional do título.
- CA2.5 - Levouse a cabo a avaliación de riscos nun contorno de traballo, real ou simulado, relacionado co sector de actividade do título.
- CA3.2 - Clasificáronse os xeitos de organización da prevención na empresa en función dos criterios establecidos na normativa sobre prevención de riscos laborais
- CA3.3 - Determináronse os xeitos de representación das persoas traballadoras na empresa en materia de prevención de riscos.
- CA3.6 - Estableceuse o ámbito dunha prevención integrada nas actividades da empresa, e determináronse as responsabilidades e as funcións de cadaquén.
- CA3.7 - Definiuse o contido do plan de prevención nun centro de traballo relacionado co sector profesional da titulación.
- CA4.1 - Defiríronse as técnicas e as medidas de prevención e de protección que se deben aplicar para evitar ou diminuír os factores de risco, ou para reducir as súas consecuencias no caso de materializarse.
- CA4.2 - Analizouse o significado e o alcance da sinalización de seguridade de diversos tipos.
- CA4.3 - Seleccionáronse os equipamentos de protección individual (EPI) axeitados ás situacións de risco atopadas.
- CA4.6 - Identificáronse as técnicas básicas de primeiros auxilios que se deben aplicar no lugar do accidente ante danos de diversos tipos, así como a composición e o uso da caixa de urxencias.

- Unidad Formativa 2: Equipos de traballo, dereito do traballo e da seguridade social, e procura de emprego:

- CA1.1- Identificáronse os equipos de traballo en situacións de traballo relacionadas co perfil e valoráronse as súas vantaxes sobre o traballo individual.
- CA1.2 - Determináronse as características do equipo de traballo eficaz fronte ás dos equipos ineficaces.
- CA1.5 - Determináronse procedementos para a resolución dos conflitos identificados no seo do equipo de traballo.
- CA2.1 - Identificáronse o ámbito de aplicación, as fontes e os principios de aplicación do dereito do traballo.
- CA2.4 - Analizáronse as principais modalidades de contratación e identificáronse as medidas de fomento da contratación para determinados colectivos.
- CA2.6 - Determináronse as condicións de traballo pactadas no convenio colectivo aplicable ou, en ausencia deste, as condicións habituais no sector profesional relacionado co título.
- CA2.8 - Analizouse o recibo de salarios e identificáronse os principais elementos que o integran.
- CA2.9 - Identificáronse as causas e os efectos da modificación, a suspensión e a extinción da relación laboral.
- CA2.11 - Analizáronse os conflitos colectivos na empresa e os procedementos de solución.
- CA3.4 - Determináronse as principais prestacións contributivas de seguridade social, os seus requisitos e a súa duración, e realizouse o cálculo da súa contía nalgúns supostos prácticos.

- CA3.5 - Determináronse as posibles situacións legais de desemprego en supostos prácticos sinxelos, e realizouse o cálculo da duración e da contía dunha prestación por desemprego de nivel contributivo básico.
- CA4.6 - Determináronse as competencias e as capacidades requiridas para a actividade profesional relacionada co perfil do título, e seleccionouse a formación precisa para as mellorar e permitir unha axeitada inserción laboral.
- CA4.7 - Identificáronse as principais fontes de emprego e de inserción laboral para as persoas coa titulación.
- CA4.8 - Empregáronse adecuadamente as técnicas e os instrumentos de procura de emprego.

B) CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:

* Criterios homoxeneizados polo departamento:

O módulo consta de dúas unidades formativas que terán o seguinte peso:

- Unidad Formativa 1:  Prevención de riscos laborais 40%

- Unidad Formativa 2: Equipos de traballo, dereito do traballo e da seguridade social, e procura de emprego 60%

Para que o alumnado acade o aprobado deberá obter un mínimo de 5 puntos.

En ningún caso, o feito de aprobar calquera das avaliacións parciais suporá o aprobado  das demais, dado que estas teñen carácter eliminatorio.

* Criterios propios:

As cualificacións do alumnado levaranse acabo unha vez cada trimestre e nas datas que estableza xefatura de estudos.

A cualificación da avaliación será un valor numérico sen decimais entre 1 e 10.

Para aprobar o alumnado ten que obter unha cualificación igual ou superior a 5, en cada unha das avaliacións.

Non se valorarán aspectos como a asistencia, actitude, posto que xa existen recursos na normativa educativa vixente para sancionar conductas inapropiadas.

A cualificación final do módulo será a nota das calificacións obtidas na/s avaliación/s realizadas no centro. El tutor o la tutora de la empresa, al finalizar la actividad formativa, incluirán en el informe de formación y

aprendizaje individualizado una valoración por cada módulo formativo en términos de «favorable» o «no favorable».

A cualificación do alumnado, en cada una das avaliacións que legalmente están establecidas, obterase da seguinte maneira:

- PROBAS ESCRITAS:

Realizaranse probas escritas das unidades 1, 2, 3, 4, 5, 6, 7 e 8 (prevención de riscos, dereito laboral e seguridade social). Nestas probas poderanse presentar cuestións tipo test e/ou supostos prácticos.

Nas preguntas tipo test só se presentará unha resposta correcta entre as posibles, que o alumnado poderá contestar ou deixar en branco. As respostas en branco non puntúan, as respostas erradas restan en proporción tres erradas unha correcta. Na resolución dos supostos prácticos o alumnado deberá demostrar que é coñecedor da teoría aplicable e dos procedementos para resolver a situación que se presenta.

En cada proba, que puntúa sobre 10, indicarase o valor de cada cuestión.

Os contidos mínimos das probas escritas non superados poderán ser recuperados antes do remate da avaliación previa a súa incorporación a empresa.

A nota das probas realizadas no trimestre suporá o 60 % da nota de avaliación trimestral.

A unidade didáctica 7 (Modificación, suspensión e extinción do contrato de traballo) será avaliada na súa totalidade a través da realización de una proba escrita.

- ACTIVIDADES DE AULA:

O alumnado  elaborará ao longo do curso actividades individuais e/ou en equipo. Os contidos, características e criterios de corrección de cada un das actividades serán proporcionados previamente á súa realización.

En cada actividade, que puntúa sobre 10,  indicarase a valoración da mesma atendendo a lista de cotexo empregada como instrumento de avaliación.

Os contidos mínimos das actividades de aula non superados poderán ser recuperados antes do remate da avaliación previa a súa incorporación a empresa.

A nota das actividades de aula realizadas de cada unidade suporá o 40% da nota da avaliación trimestral.

As unidades didácticas 9 (O proceso de procura de emprego) e 10 ( Equipos de traballo e resolución de conflitos) serán avaliadas na súa totalidade a través da realización de actividades de aula.

A suma da nota das actividades de aula e das probas escritas (coa ponderación correspondente), dará como resultado a nota da avaliación.

Se se obteñen decimais en calquera das avaliacións, se redondeará da seguinte forma: decimal inferior a 5 despreciase; se o decimal é igual ou superior a 5, incrementarase ata o enteiro superior máis próximo, agás nos casos nos que non se chegue ó 5 (por exemplo, un 4,5 en ningún caso suporá un aprobado).

A cualificación definitiva do módulo farase efectiva na avaliación final. Non obstante, se o alumno/a tiña o módulo xa superado a cualificación final coincidirá coa obtida na segunda avaliación (a previa a súa incorporación a empresa).

A cualificación da avaliación final calcularase como a media ponderada das cualificacións obtidas en cada unha das U.D, é dicir; atendendo ao peso de cada U.D, sempre que as cualificacións de cada unha delas superase os 5 puntos sobre 10.

O alumnado que non superara o módulo no momento da súa incorporación na empresa, realizarán unha proba de recuperación en SETEMBRO dos contidos non superados, segundo se establece no apartado 6 desta programación.

Considerarase superado o módulo cando se obteña unha puntuación igual o superior a 5 na avaliación final.

A continuación establécese un resumo das unidades didácticas co seu peso no total do módulo, os instrumentos de avaliación utilizados así como os criterios de avaliación asociados a cada unha das unidades.

UNIDAD FORMATIVA 1: PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS (40%)

U.D. 1 A prevención de riscos laborais: Conceptos básicos (10%)

- Proba escrita: 60%  (CA1.1, CA1.4, CA1.5, CA1.6, CA1.7)
- Lista de cotexo: 40%  (CA1.2, CA1.3)

U.D.2 Principais factores de risco e a súa prevención (10%)

- Proba escrita: 60%  (CA2.1, CA2.2, CA2.3, C4.1, C4.2, C4.3)
- Lista de cotexo: 40% (CA2.4, CA2.5)

U.D.3 Organización y xestión de la prevención en la empresa (10%)

- Proba escrita: 60%  (CA3.1,CA 3.2, CA3.5, CA3.6, CA3.7, CA3.8)
- Lista de cotexo: 40%  (CA3.3, C3.4)

U.D.4 Primeiros auxilios (10%)

- Proba escrita: 60%  (CA4.4, CA4.6)
- Lista de cotexo: 40% (CA4.5)

UNIDAD FORMATIVA 2: EQUIPOS DE TRABALLO, DEREITO DO TRABALLO E DA SEGURIDAD SOCIAL, E PROCURA DE EMPREGO  (60%)

U.D.5 O Dereito Laboral e o contrato de traballo (10%)

- Proba escrita: 60%  (CA2.1, CA2.2, CA2.3, CA2.4, CA2.12)
- Lista de cotexo: 40%  (CA2.5, CA2.10, CA2.11)

U.D.6 O tempo de traballo e a súa retribución (10%)

- Proba escrita: 60%  (CA2.6, 2.7)
- Lista de cotexo: 40%  (CA2.8)

U.D.7 Modificación, suspensión e extinción do contrato de traballo (10%)

- Proba escrita: 100% (CA2.9)

U.D.8 Seguridade Social e desemprego (10%)

- Proba escrita: 60%  (CA3.1, CA3.2, CA3.3, CA3.4)
- Lista de cotexo: 40%  (CA3.5)

U.D.9 O proceso de procura de emprego (10%)

- Lista de cotexo: 100% (CA4.1, CA4.2, CA4.3, CA4.4, CA4.5, CA4.6, CA4.7, CA4.8, CA4.9)

U.D.10 Equipos de traballo e resolución de conflitos (10%)

- Lista de cotexo: 100% (CA1.1, CA1.2, CA1.3, CA1.4, CA1.5, CA1.6, CA1.7)

## 6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

### 6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

RECUPERACIÓN PREVIA A INCORPORACIÓN NA EMPRESA:

O alumnado con algunha avaliación suspensa, realizarán durante as semanas restantes ata a avaliación previa a incorporación na empresa, as actividades e/ou probas de recuperación que lle marque a docente, correspondentes aos contidos mínimos non superados a o longo do curso.

Para superar o módulo será preciso acadar un 5 tras a aplicación dos criterios de cualificación.

RECUPERACIÓN DE SETEMBRO:

O alumnado que non superara o módulo no momento da súa incorporación na empresa, realizarán unha proba de recuperación en SETEMBRO dos contidos non superados. A proba consistirá na resolución dunha serie de cuestións tipo test e/ou supostos prácticos.

Esta proba de recuperación deberá ser comunicada aos alumnos implicados no proceso coa antelación suficiente á súa celebración, ben sexa a través da aula virtual,  con notificacións nos taboleiros de anuncios para o público coñecemento por parte dos mesmos o por outros medios.

Os criterios de cualificación e corrección serán os recollidos no epígrafe 5:

- Nas preguntas tipo test só se presentará unha resposta correcta entre as posibles, que o alumno/a poderá contestar ou deixar en branco; as respostas en branco non puntúan e as respostas erradas restan en proporción tres erradas unha correcta.

- Na resolución dos supostos prácticos o alumno/a deberá demostrar que é coñecedor da teoría aplicable e dos procedementos para resolver a situación que se presenta.

Na proba, que puntúa sobre 10, indicarase o valor de cada cuestión.

En caso de existir decimáis, se procederá da seguinte forma: decimal menor que 5 se despreza, se o decimal é igual ou superior a 5, se redondeará ao enteiro superior máis proximo.

O alumnado deberá obter, polo menos una puntuación mínima de 5 puntos para superar o módulo, tras a aplicación da ponderación establecida en cada unha das unidades formativas en que se divide o módulo (UF1, 40%; UF2, 60%).

**6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua**

Non se contempla unha proba de avaliación extraordinaria, por ser FP dual, xa que o alumnado poderá ser excluído do proxecto de formación dual por faltas repetidas de asistencia e/ou puntualidade non xustificadas. segundo a mesma Orde de 14 de Xuño de 2018 pola que se autorizan proxectos experimentais de formación profesional dual de ciclos formativos de formación profesional en centros educativos, en colaboración con diversas entidades.

Da misma maneira o NOF do centro establece que a perda do dereito de avaliación continua nun determinado módulo non será de aplicación para o alumando de ciclos de grao básico en idade de escolarización obrigatoria e tampouco se aplica a PD ao alumnado de FP dual, se ben neste caso, as ausencias continuadas poderían motivar un informe de expulsión do programa, como se recolle no punto 4.11 deste mesmo documento.

O alumnado poderá ser excluído do proxecto de formación dual nos seguintes casos:

- Durante o período de formación no centro educativo, de acordo coas normas de organización, funcionamento e convivencia aprobadas polo centro docente, por faltas repetidas de asistencia e/ou puntualidade non xustificadas que poidan derivar nunha falta de aproveitamento das ensinanzas tanto no centro educativo como posteriormente na empresa.

Polo tanto o alumno que acada determinado número de faltas non pasa pola perda de Avaliación continua, xa que quedaría excluído do Ciclo Dual.

### 7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Para levar a cabo o seguimento da programación, o equipo docente, formado por todos os profesores que imparten clase no grupo de 1º Dirección de servizos de restauración Dual ,así como no departamento de FOL, celebraremos, unha vez ao mes, unha xuntanza para analizar o grao de cumprimento das programacións.

Para facer este seguimento utilizarase a aplicación informática facilitada pola Consellería de Educación, na que se concretarán, tanto o grao de cumprimento da programación, como as modificacións levadas a cabo na mesma, coa xustificación do por qué destas modificacións, así como as propostas de mellora da mesma.

Ao remate de cada trimestre farase unha nova avaliación en conxunto do mesmo, coa finalidade de analizar o impartido durante ese período e os resultados obtidos. Desta avaliación deberanse extraer datos para poder revisar a programación de cara a vindeiros períodos.

Ao remate do curso académico a persoa que exercera a docencia deberá entregar una memoria final que conterá o grao de desenvolvemento da programación, aqueles aspectos máis significativos que considere se deberían de tratar para o vindeiro ano e as modificacións oportunas (en canto a reducións de contidos ou ampliación dos mesmos, instrumentos de avaliación a aplicar, materiais, etc.)

Ademáis do anterior, na avaliación da propia práctica docente son tidos en conta os resultados obtidos nas enquisas de satisfacción da labor docente que son realizadas polo alumnado, e nas que estes indican as súas valoracións sobre diferentes aspectos da práctica docente de cada un dos seus profesores do ciclo formativo.

### 8. Medidas de atención á diversidade

### 8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Ao comezo das actividades do curso académico, o equipo docente realizará unha sesión de avaliación inicial do alumnado, que terá por obxecto coñecer as características e a formación previa de cada alumno e de cada alumna, así como as súas capacidades. Así mesmo, deberá servir para orientar e situar o alumado en relación co perfil profesional correspondente.

Nesta sesión, o profesor ou a profesora que se encarguen da titoría darán a información dispoñible sobre as características xerais do grupo ou sobre as circunstancias especificamente académicas ou persoais, con incidencia educativa, de cantos alumnos e alumnas o compoñan, valorando tanto a súa situación actual como aquelas que puideran ser coñecidas polo aporte do seu expediente académico previo, por indicacións do departamento de orientación, por achegas da propia familia, etc.

No módulo de Formación e Orientación Laboral farase unha primeira sesión de acercamento ao alumnado, a través dun cuestionario de avaliación inicial e o posterior diálogo grupal na clase, para observar de que

ideas ou coñecementos se parte. Tamén se constatarán as competencias dixitais dos alumnos e as súas circunstancias persoais para ter acceso a ordenadores e a internet (xa que este medio será un requisito practicamente imprescindible para poder desenvolver e aproveitar con éxito a materia).

Dos resultados desta avaliación inicial no módulo de FOL, se dará coñecemento aos membros do equipo docente para a toma de medidas que puideran ser necesarias no desenvolvemento correcto das actividades formativas dentro da aula.

Esta avaliación inicial en ningún caso comportará cualificación para o alumnado.

**8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados**

Naqueles casos que se apreciara na avaliación inicial a presenza na aula de alumnado con necesidades educativas especiais, adaptacións de medios ou materiais, o profesor correspondente deberao poñer en coñecemento do equipo docente e das instancias oportunas dentro do centro.

Unha vez valorada a situación por parte do persoal correspondente tomaranse as medidas oportunas, contando coa participación do persoal docente do módulo e aquelas outras persoas do departamento de Orientación ou persoal destinado pola Consellería de Educación aos efectos.

Nesta atención á diversidade encuadrarase toda aquela actuación educativa dirixida ás diferentes capacidades, ritmos de aprendizaxe, diferentes motivacións, situacións sociais o de saúde do alumnado.

O docente, coa axuda dos medios humanos e materias que se poidan por á súa disposición, debe axustar a axuda pedagóxica e facilitar os recursos e estratexias necesarias para dar resposta ás diferentes necesidades educativas do conxunto do alumnado.

No módulo de Formación e Orientación Laboral, naqueles casos en que o alumnado non acade os obxectivos mínimos establecidos en cada avaliación, estableceránse medidas de reforzo para que poida acadar os mínimos previstos nesta programación.

Estas medidas consistirán en traballos que poidan ser efectuados de forma autónoma polo alumnado, baixo a supervisión e colaboración do profesor.

As medidas de reforzo xerais para alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados son:

1.- Repaso guiado das unidades didácticas non superadas.

2.- Titoría constante e permanente .

3.- Proposición de actividades de reforzo educativo alternativas.

## 9. Aspectos transversais

### 9.a) Programación da educación en valores

Atendendo aos obxectivos anuais que desenvolve o Plan funcional do centro, os valores que se traballarán serán:

1.- Fomentar o uso da lingua galega.

2.- Promover a igualdade de xénero en todas as accións levadas a cabo no módulo.

3.- Identificar aqueles trazos sexistas da lingua, intentando resolver a discriminación mediante formas adecuadas.

4.- Fomentar o respecto pola autonomía dos demais e o diálogo como maneira de resolver os conflitos, traballando a comunicación.

5.- Resaltar a importancia do benestar físico, psíquico, social e ambiental.

6.- Fomentar a relación con outras persoas e a participación en actividades de grupo con actitudes solidarias e tolerantes, superando posibles prexuízos, recoñecendo e valorando criticamente as diferencias de tipo social e rexeitando calquera discriminación baseada en distincións de raza, sexo, clase social, crenza e outras características individuais.

7.- Concienciar ao alumnado da necesidade dun desenvolvemento sostible e dun consumo responsable e baseado na redución, reciclaxe e reutilización.

8.- Desenvolver un espírito crítico, analizando a información obtida a través dos medios audiovisuais, intentando fomentar unha actitude crítica e responsable fronte ao consumo e os mecanismos do mercado.

### 9.b) Actividades complementarias e extraescolares

As actividades complementarias son aquelas que se realizan co alumnado en horario lectivo e que teñen carácter diferenciado polo momento, espacio ou recursos que utilizan.

Neste curso académico 24-25, ao longo do mes de novembro realizarase unha actividade complementaria, Charla de Primeiros Auxilios a cargo de Protección Civil da Coruña. A duración da actividade será de 2 horas.

Non se planifican máis actividades, pero se xurde a oportunidade de ofrecer ó alumnado algunha que o Departamento considere esencial, solicitarase á Dirección do centro autorización para a súa realización como ACF non planificada.

As actividades extraescolares son aquelas que, sendo organizadas polo centro e figurando na programación xeral anual, aprobada polo Consello Social, se realizan fóra do horario lectivo e nas que a participación do alumnado é voluntaria.

Consideramos que as actividades complementarias e extraescolares son outro dos baremos que mide a calidade educativa, polo que debemos fomentalas e procurar unha participación importante do alumnado nas mesmas.

## 10.Outros apartados

### 10.1) Presentación do módulo e avaliación inicial.

A primeira sesión do curso académico dedicarase á presentación do módulo, a información sobre a programación e a avaliación inicial do alumnado.

- Presentación do alumnado e profesora:

A profesora, así como o alumnado presentaranse persoalmente. A finalidade é permitir un coñecemento inicial e romper barreiras sociais a efectos de favorecer a comunicación entre os compoñentes do grupo.

- Presentación da programación do módulo:

A profesora realizará unha exposición dos elementos que constitúen a programación coa finalidade de que o alumnado adquira unha visión global da mesma: unidades didácticas, resultados de aprendizaxe, obxectivos, criterios de avaliación, instrumentos de avaliación, contidos, e metodoloxía que se empregará.

**ANEXO XIII**
**MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

Informarase ao alumnado que a programación estará á súa disposición para seren consultada na páxina web do centro e na aula virtual.

- Identificación dos coñecementos previos do alumnado en relación co módulo profesional:

Trátase de coñecer o punto de partida do coñecemento do alumnado, referido aos contidos que serán desenvolvidos no módulo, mediante un cuestionario preparado para o efecto en formato de preguntas abertas.